

# BUSHMAN

David Schickele, 1971

# 1276

ESTREA EN NUMAX: 16.04.2024 | V.O.S.G. | 73 min

1968. Martin Luther King, Robert Kennedy e Bobby Hutton, entre outros, faleceron recentemente. En Nixeria, a guerra civil entra no seu segundo ano sen final á vista. En San Francisco, as aventuras de Gabriel, un mozo nixeriano, reflicten as friccións tribais, persoais e raciais durante os convulsos anos sesenta.

Presentación do Doutor en Historia da Arte e profesor da USC Iván Villarrea Álvarez

«Chea de paixón, humor  
intelixente, xiros satíricos e o latido  
do corazón da insurxencia»

Sheri Liden, THE HOLLYWOOD REPORTER



## Entre o paraíso e o inferno

Por Luis Fernández

*Bushman* é un excelente exemplo de cinema vérité que utiliza recursos poéticos para examinar a dobre experiencia negra e inmigrante nun filme no que ficción e realidade se confunden. O seu director, David Schickele, sitúanos en San Francisco en 1968, onde un mozo africano trata de buscar un lugar nunha sociedade que non é a súa, mentres evoca a súa vida anterior en Nixeria, un país de recente pasado colonial e un presente de guerra civil.

Fala o actor ou o personaxe? Pouco importa mentres o filme consegue componse un complexo retrato de frustracións, feridas, anhelos e vitalidade, sen necesidade de que a súa condición de vítima condicione o ton do relato. Porque cando esta tome o protagonismo, nun xiro onde a realidade aparentemente asulaga o que queda de ficción da obra, Schickele utilizará un prudente distanciamento expositivo, unha neutralidade tonal para que os artificios tan habituais da ficción non desdebuxen á súa vez a persoa real. A matizada vea poética emerxe na maneira de capturar os personaxes, de poñelos en relación aos escenarios sobre os cales son retratados, renunciando a unha progresión narrativa convencional, tamén na forma de convocar o pasado e outra terra moi afastada, metade paraíso metade inferno.

As súas fermosas imaxes monocromáticas ilustran a fraxilidade de quen xa non ten un espazo e unha contorna social na que sentir a seguridade dun fogar, glosando as sucesivas interaccións con diferentes personaxes que fan emerxer diferenzas ineludibles perante radicais desequilibrios socioeconómicos, perante a presenza do outro. A banda sonora potencia a experiencia estética e tamén comenta nalgunha medida o que sucede en pantalla, como esa escena entre o protagonista e unha moza branca onde unha partitura clásica será harmonicamente combinada cun tema musical negro.

Publicado en [miradasdecine.es](http://miradasdecine.es)

## Notas sobre a restauración

*Bushman* foi restaurado e remasterizado dixitalmente a partir dos negativos orixinais da banda sonora e imaxe en branco e negro de 35mm. Un traballo que foi completado no outono de 2022 pola Universidade de California, Berkeley Art Museum, Pacific Film Archive e The Film Foundation. Financiado por Hobson/Lucas Family Foundation. Co apoio de Peter Conheim, Cinema Preservation Alliance.